



NOTA INFORMATIVA SOBRE A ADMINISTRACIÓN DA VACINA FRONTE AO MENINGOCOCO ACWY CALENDARIO DE INMUNIZACIÓN AO LONGO DE TODA A VIDA

O novo **“Calendario de inmunización ao longo de toda a vida”** do Programa Galego de Vacinación, que entra en vigor o día 1 de outubro de 2023, inclúe como unha das novidades a **vacinación fronte á meninxite cos 4 serotipos (A, C, W, Y) aos 4 meses**, administrándose así en todas as idades (4 meses, 12 meses e 12 anos).

Ata agora, aos 12 meses e 12 anos empregábase a vacina Menquadfi® (Sanofi Aventis), que conta coa autorización de administración en ficha técnica a partir dos 12 meses. Por tanto deberase ter en conta que **para a administración aos 4 meses so está autorizada por ficha técnica a vacina Nimenrix® (Pfizer)**.

Deste xeito, no momento actual convivirán dous tipos de vacinas fronte á Meninxite ACWY (Menquadfi® e Nimenrix®) e empregaranse do seguinte xeito:

- **Menquadfi®**: administrarase nos nenos/as aos 12 meses e 12 anos.
- **Nimenrix®**: administrarase aos lactantes aos 4 meses (autorizada en ficha técnica dende as 6 semanas).

No pedido deberase facer constar en “observacións” o número de vacinas necesarias de cada tipo.

No momento que se esgoten as doses de Menquadfi®, empregaranse Nimenrix® para todas as idades (4 meses, 12 meses e 12 anos).



Para máis información pódese consultar a instrución do **“Calendario de inmunización ao longo de toda a vida”** que se pode consultar no seguinte enderezo:
[Calendario de vacunación ao longo de toda a vida - Consellería de Sanidade - Servizo Galego de Saúde \(sergas.gal\)](https://www.sergas.gal/sergas/calendario-vacunacion)

En Santiago de Compostela, na data da firma electrónica
A Directora Xeral de Saúde Pública
Carmen Durán Parrondo

